

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO



DILIXENCIA para facer constar que os presente:
Estatutos da entidade ...FEDERACIÓN GALEGA...
DE TIRO OLÍMPICO.....
foron ratificados e inscritos co núm. F-000026.....
Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, no
conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do
deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).
Santiago, a ...13... de ...maio... de 2021.
DIA FUNCIONARIO/A
XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES
DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL
P.R.E.S.

APROBADOS EN ASAMBLEA XERAL DE DATA 12 DE DECEMBRO DE 2020

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO



CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, OBXECTO E DOMICILIO

ARTIGO 1º.- DENOMINACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

1.1 A Federación Galega de Tiro Olímpico (a partir de agora FEGATO) é unha entidade asociativa privada con personalidade xurídica propia e independente dos seus asociados, declarada por Lei de utilidade pública, cun ámbito de actuación que se estende ó conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se rexea polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e polas normas que sexan compatibles co disposto en dita Lei contidas no Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das FederaciónsnDeportivas Galegas, a Orde do 28 de xullo de 1995 que desenvolve o Decreto antedito e en defecto de normas propias polas da Real Federación Española de Tiro Olímpico, ademais dos presentes Estatutos e os regulamentos que os desenvolven.

1.2 Ao formar parte do obxecto da FEGATO a organización e promoción da modalidade de tiro olímpico en tódalas súas especialidades, en canto deporte olímpico encóntrase afiliada á Real Federación española de Tiro Olímpico e acata, dentro do respecto, ao Ordenamento Xurídico Español, as regras que rexen o Comité Olímpico Internacional e o Comité Olímpico Español e os acordos destes.

1.3 A FEGATO ten personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e xurisdicción nos asuntos da súa competencia.

1.4 A Federación considera o deporte do tiro nos seus dous aspectos: de competición e como sinxelo exercicio físico. En ambos dous casos defineos como un deporte pacífico que, mediante a preparación física e mental necesarias, a técnica precisa, o adestramento necesario e arma adecuada, busca a satisfacción persoal do individuo a través do esforzo e a superación, imprescindibles para conseguir unha formación e un espíritu deportivos.

ARTIGO 2º.- ENDEREZO

2.1. A Federación ten o seu domicilio social na Casa do Deporte de Lugo, sita na rúa Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n – 27003 Lugo. A Comisión Delegada da FEGATO poderá acordar o traslado de enderezo dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 3º.- OBXECTO E FUNCIÓNS

3.1. A FEGATO ten como obxecto o de ordenar, impulsar e dirixir tódalas actividades oficiais do tiro olímpico, tanto da modalidade de prato, precisión e percorridos de tiro, ademais de tódalas especialidades dependentes da Real Federación Española de Tiro Olímpico e no plano internacional da ISSF (International Sport Shooting Federation), MLAIC (Comité Internacional de Tiro con Armas Antigas de avancarga), IPSC (The International Practical Shooting Confederation), WBSF (Federación Mundial de Tiro de Alta Precisión), FITASC (Federación Internacional de Tiro con Armas de Caza), ICFRA (Confederación Internacional de Asociaciones de Rifle a Longa



Distancia), e NBRA (Asociación Nacional de Bench Rest), en coordinación coa Secretaría Xeral para o Deporte de Xunta de Galicia.

3.2. As especialidades da FEGATO son prato, precisión e percorridos de tiro.

3.3. As especialidades e probas deportivas cuxo desenvolvemento e control compete a FEGATO son as seguintes:

a) Reguladas pola Federación Internacional de Tiro Deportivo (ISSF):

CARABINA AIRE COMPRIMIDO.
CARABINA BLANCO MOBIL 10 m.
CARABINA BLANCO MOBIL 10 m (MIXTA).
CARABINA BLANCO MOBIL 50 m.
CARABINA BLANCO MOBIL 50 m. (MIXTA)
CARABINA TENDIDO.
CARABINA 3 X 40.
CARABINA 3 X 20.
DOBRE TRAP.
FOSO OLIMPICO.
FUSIL GROSO CALIBRE TENDIDO.
FUSIL GROSO CALIBRE 3 X 40.
FUSIL GROSO CALIBRE 3 X 20.
PISTOLA AIRE COMPRIMIDO.
PISTOLA STÁNDAR AIRE COMPRIMIDO.
PISTOLA VELOCIDADE AIRE COMPRIMIDO.
PISTOLA DEPORTIVA.
PISTOLA FOGO CENTRAL.
PISTOLA LIBRE.
PISTOLA STÁNDAR.
PISTOLA VELOCIDADE.
PISTOLA (30 + 30).
SKEET.

b) Reguladas polo Comité Internacional de Tiro con Armas Antigas de Avancarga (MLAIC).

ADAMS (Equipo).
AMAZONAS (Equipo).
BATTESVILLE (Equipo).
BOUTET (Equipo).
DONALD MALSON.
EGG (Equipo).
ENFIELD (Equipo).
ESCOPETA LORENZONI.
ESCOPETA MANTON.
FORSYTH (Equipo).
FUSIL FREIRE Y BRULL.
FUSIL HIZADAI.
FUSIL LAMARMORA.
FUSIL MAXIMILIAN.
FUSIL MIGUELETE.



FUSIL MINIE.
FUSIL NUÑEZ DE CASTRO.
FUSIL PENNSYLVANIA.
FUSIL TANEGASHIMA.
FUSIL VETTERLI.
FUSIL WALKYRIA.
FUSIL WHITWORTH.
GUSTAV ADOLF (Equipo).
HALIKKO (Equipo).
HAWKER (Equipo).
KUNITOMO (Equipo).
LUCCA (Equipo).
MAGENTA (Equipo).
NAGASHINO (Equipo).
NOBUNAGA (Equipo).
PAULY (Equipo).
PETERLONGO (Equipo).
PFORZHEIM (Equipo).
PISTOLA COMINAZZO.
PISTOLA KUCHENREUTER.
PISTOLA TANZUTZU.
REMINGTON.
REVOLVER COLT.
REVOLVER MARIETTE.
REVOLVER PIÑAL.
RIGBY (Equipo).
VERSALLES (Equipo).
WEDGNOCK (Equipo).
WOGDON (Equipo).

c) Reguladas pola Confederación Internacional de Tiro Práctico (IPSC):

HANDGUN
SHOTGUN
ACTION AIR
MINIFILE

d) Reguladas pola Federación Mundial de Tiro de Alta Precisión (WBSF):

CARABINA BR-50 (OPEN).
CARABINA BR-50 (STOCK).
RIFLE DE CAZA (OPEN).
RIFLE DE CAZA (STOCK).
RIFLE DE REPETICION (OPEN).
RIFLE DE REPETICION (STOCK).
RIFLE MIRAS ABERTAS.
RIFLE VARMINT LIXEIRO.
RIFLE VARMINT PESADO.

e) Reguladas pola Federación Internacional de Tiro con Armas Deportivas de Caza (FITASC):

COMBINADA DE ARMA LARGA.



FOSO UNIVERSAL. TRAP AMERICANO.

f) Reguladas pola Confederación Internacional de Asociaciones de Rifle a Longa Distancia (ICFRA):

RIFLE F-CLAS OPEN.
RIFLE F-CLAS F/TR.

g) Reguladas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico (REFEDETO).

CARABINA A.C. 20 (XOVENES PROMESAS).
CARABINA TRES POSICIONES A.C. (XOVENES PROMESAS).
CARABINA MIRAS ABERTAS.
COMBINADA OLÍMPICA.
MINI-FOSO.
PISTOLA 9 mm.
PISTOLA A.C. 20 (XOVENES PROMESAS).
PISTOLA DEPORTIVA A.C. (XOVENES PROMESAS).
PISTOLA VELOCIDADE A.C. (XOVENES PROMESAS).
CARABINA F- CLASS RIMFIRE OPEN.
CARABINA F- CLASS RIMFIRE RESTRICTED.

3.3. A FEGATO poderá aumentar dentro desta federación calquera outra especialidade que autoricen ou aproben nacional ou internacionalmente os organismos competentes.

3.4. Para a realización do seu obxecto, a FEGATO ten como competencia exclusiva na súa modalidade deportiva as seguintes funcións:

a). Elabora-los programas de promoción xeral da súa modalidade deportiva no ámbito da Comunidade Autónoma.

b). Elabora-las normas técnicas da súa modalidade deportiva e dirixir e regula-las actividades propias desta.

c). Desenvolver programas de especialización da súa modalidade deportiva.

d). Deseñar, elaborar e executa-los plans de preparación dos deportistas de alto nivel na súa respectiva modalidade deportiva e as listas destes en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, no seu caso, coa federación española correspondente.

e). Colaborar coa Administración autonómica e cooperar coas correspondentes federacións deportivas españolas, no seu caso, na formación de técnicos deportivos da súa especialidade.

f). Organizar e dirixi-las competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial de acordo coas normas e regulamentos autonómicos, nacionais e internacionais que sexan de aplicación. Expedirán, a estes efectos, as correspondentes licencias deportivas.



3.4. Neste sentido, non poderá solicitar, comprometer ou organizar actividades ou competicións oficiais de carácter nacional ou internacional sen previa consulta á Secretaría Xeral para o Deporte.

g) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e nas súas normas de desenvolvemento, así como nos seus propios estatutos e regulamentos.

h) Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubes deportivos que dependan destas.

i) Exercer o control das subvencións oficiais que asignen ós clubes deportivos que dependen delas na forma que regulamentariamente se determine.

j) Designar ós deportistas da súa modalidade que integrarán as selección galegas, para a cal os clubes deberán poñer a disposición da federación ós deportistas elixidos.

k) Representar a Galicia en activades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións autonómicas.

l) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.

m) Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

n) Colaborar coa Administracións deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e control da violencia no deporte.

ñ) Executar por delegación da Administración autonómica programas de promoción da súa modalidade deportiva e as correspondentes especialidades.

o) Aqueloutras funcións que poida encomendárlle a Administración deportiva da Comunidade Autónoma, así como as propias e necesarias para acadar os seus fins de acordo ó dereito, logo de que as autorice ou aprobe a Secretaría Xeral para o Deporte.

CAPÍTULO II: REQUISITOS DE AFILIACIÓN. DEREITOS E DEBERES

ARTIGO 4º.- ESTAMENTOS INTEGRADOS

A FEGATO está integrada polos clubes, tiradores, técnicos, xuices-árbitros e outros colectivos interesados, estatutariamente establecidos que promovan, practiquen ou contribúan ó desenvolvemento do tiro olímpico en tódalas súas especialidades.



ARTIGO 5º.- DOS CLUBES

5.1. Tódolos clubs que queiran adscribirse á FEGATO deberán estar inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de acordo coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento. Para a súa adscrición deberán presentar certificado de inscrición en dito rexistro, copia dos seus estatutos debidamente compulsados e copia do Número de Identificación Fiscal.

5.2. Para ser titular dos dereitos que como tal lle corresponda no seo da FEGATO, o club debe satisface-la cota de afiliación e o canon federativo anual que se acorde na Asemblea Xeral da FEGATO.

ARTIGO 6º,- DAS SECCIONES DEPORTIVAS.

6.1. Todas as Seccións deportivas que desexen adscribirse á FEGATO, deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de acordo co disposto no Artigo 50 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Para a súa adscrición deberán presentar certificado de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas, copia dos seus estatutos debidamente compulsados e copia do Número de Identificación fiscal.

6.2. Para ser titular dos dereitos que como tal lle correspondan no seo da FEGATO, a Sección Deportiva debe satisfacer a cota de afiliación e o canon federativo anual que se acorde na Asemblea Xeral da FEGATO.

6.3. As Seccións Deportivas terán, no seo da FEGATO, os mesmos dereitos e deberes ca os clubs deportivos

ARTIGO 7º.- DOS TIRADORES

Os tiradores son as persoas naturais que en posesión da documentación esixida nestes estatutos e os regulamentos correspondentes practican o deporte do tiro en calquera das súas especialidades.

ARTIGO 8º.- DOS ADESTRADORES

Os adestradores son as persoas naturais que están en posesión do título oficial e teñen licenza federativa, encargándose da ensinanza, preparación e dirección técnica do deporte do tiro.

Tódolos adestradores estarán inscritos no Colexio Galego de Adestradores, estando sometidos ás normas e ás disposicións da FEGATO.

ARTIGO 9º.- DOS XUÍCES-ÁRBITROS.

Os xuíces-árbitros son as persoas naturais que coa titulación necesaria e a licencia federativa exercen como xuíces-árbitros nas competicións de tiro, sendo a máxima autoridade dentro do campo de tiro.

Tódolos xuíces-árbitros estarán inscritos no Colexio Galego de Xuíces-árbitros, quedando sometidos ás normas e ás disposicións da FEGATO.



ARTIGO 10º.- DA LICENCIA DEPORTIVA

1. Para a participación nas actividades e competicións de carácter oficial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase obter unha licencia persoal que expedirá a propia FEGATO.

2. A FEGATO expedirá as licencias solicitadas nun prazo de trinta días dende a súa solicitude, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos deportivos establecidos para a súa expedición nos seus estatutos ou regulamentos.

A non expedición inxustificada da licencia no prazo sinalado comportará para a FEGATO a correspondente responsabilidade disciplinaria conforme ó previsto no ordenamento xurídico deportivo.

3. As licencias incluirán un seguro obligatorio que garanta o dereito á asistencia sanitaria do titular, sendo as cotas fixadas pola Asemblea Xeral.

ARTIGO 11º.- DEREITOS E OBRIGAS DOS AFILIADOS

1. Todo integrante da FEGATO ten os dereitos seguintes:

a) Elixir e ser elixidos para formar parte dos diversos órganos federativos.

b) Participar nas actividades e competicións que organice esta FEGATO.

c) Elevar cantas consultas e reclamacións considere oportuno.

d) Gozar de tódolos beneficios da FEGATO segundo as propias normas regulamentarias ou cantos outros lle sexan concedidos á esta por parte de entidades privadas ou públicas.

e) Gozar de tódolos dereitos que como membro desta FEGATO lle correspondan, de acordo coa normativa vixente.

2. Son obrigas dos afiliados:

a) Aboar cumplidamente as cotas e dereitos federativos.

b) Acatar e cumplir diligentemente os acordos e decisións dos órganos federativos.

c) Representar a esta FEGATO cando se lle requira para iso, incluíndo as sesións de concentración e preparación que se establezan polos responsables federativos.

d) Desempeña-los cargos e responsabilidades para os que fosen elixidos ou designados.

e) Respeta-lo previsto nestes estatutos e nos regulamentos correspondentes.



f) Perderán a condición de afiliado, cando non dispoñan da licenza federativa en vigor da FEGATO.

g) Tamén perderán a condición de federado pola comisión de infraccións que levan aparellada como sanción a privación temporal ou definitiva da licenza federativa.

CAPÍTULO III: ESTRUCTURA ORGÁNICA

ARTIGO 12º.- ÓRGANOS DE GOBIERNO

1. Os órganos de goberno e representación da FEGATO son a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada de asistencia a esta. Ademais son órganos complementarios de goberno para asistir ó presidente, A Xunta Directiva, o secretario e o tesoureiro.

2. Poderán asistir ás reunións dos órganos de goberno e da Xunta Directiva, como asesores con voz pero sen voto, aquelas persoas que por razón dos asuntos que se han de tratar e a proposta do presidente, ou da propia Xunta Directiva, sexan designados para ditos asuntos.

SECCIÓN 1ª.- A ASEMBLEA XERAL

ARTIGO 13º.- A SEMBLEA XERAL

1. A Asemblea Xeral é o máximo órgano de representación e goberno da FEGATO, no que estarán representados os diferentes estamentos que a compoñen. O número de membros que compoñen a Asemblea Xeral será determinado regulamentariamente no momento da convocatoria das eleccións a membros de dita Asemblea. A distribución dos membros por estamentos realizarase de acordo coa porcentaxe seguinte:

Entidades deportivas inscritas na federación, entre un 60% e un 75%.

Deportistas, ata un máximo dun 30%.

Técnicos, ata un máximo dun 10%.

Xuíces-árbitros, ata un máximo dun 10%.

Outros colectivos se os houbese, ata un máximo dun 10%.

2. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos xogos olímpicos de inverno, por sufraxio libre, directo e secreto, por e entre os componentes maiores de idade de cada estamento integrado na FEGATO.

Así, terán a consideración de electores e elixibles os deportistas maiores de idade e en pleno exercicio dos seus dereitos civís que teñan licencia en vigor, expedida ata o momento da convocatoria das eleccións e que a tivesen durante o ano anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades oficiais da FEGATO.



Os Técnicos con titulación oficialmente recoñecida, xuíces-árbitros, e outros colectivos interesados, nas mesmas circunstancias cás sinaladas para os deportistas. As Entidades Deportivas deberán ter participado en catro competicións ou actividades entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elexibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

3. A Asemblea Xeral reunirase unha vez ó ano con carácter ordinario para o exercicio das súas funcións e competencias, necesariamente antes de comeza-la nova tempada deportiva e, como mínimo, para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, e das bases e regulamentos que rexerán a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais.

4. A Federación Galega de Tiro Olímpico aprobará en asemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás sobvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

Ademais poderá reunirse con carácter extraordinario cando sexa convocada polo presidente ou a proposta dun número de membros da asemblea non inferior ó 25%. Presentada a solicitude da convocatoria por un número de membros suficiente, o presidente deberá convocala necesariamente no prazo de dez días naturais. Dende a convocatoria ata a data na que esta teña lugar non pederán transcorrer máis de vinte días naturais.

A convocatoria que deberá conte-la orde do día da reunión farase pública no taboleiro de anuncios da FEGATO, en cada unha das súas oficinas con dez días de antelación á data na que teña lugar. En todo caso, notificarase individualmente a cada un dos membros da asemblea por calquera medio que permita ter constancia da data da recepción desta cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

5. O voto será persoal. Non se admitirá a delegación de voto, agás o correspondente ós clubes deportivos que poderá exercelo o seu presidente ou a persoa na que el delegue, sempre que non sexa membro da asemblea da FEGATO, con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ningún poderá exercer máis dunha delegación de voto.

6. A Asemblea Xeral poderase reunir en Pleno ou en Comisión Delegada.

ARTIGO 14º.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL

Corresponde á Asemblea Xeral en reunión plenaria:

- a) A aprobación do orzamento anual e a súa liquidación.
- b) A aprobación do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerá a competición.



- c) Aprobación dos regulamentos.
- d) Aprobación e modificación dos estatutos.
- e) A elección e cesamento do presidente.
- f) Establece-las liñas xerais de actuación para a promoción e defensa do tiro olímpico e as súas diferentes especialidades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 15º.- A COMISIÓN DELEGADA

1. A Comisión Delegada da Asemblea Xeral estará integrada polo presidente da FEGATO e un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince que representen o 15% da Asemblea Xeral, elixidos por e entre os seus membros cada catro anos mediante sufraxio, debendo cubrirse anualmente as vacantes que se produzan co seguinte candidato máis votado.

2. A Comisión Delegada reunirase, como mínimo unha vez cada catro meses a proposta do presidente, e o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral, correspondéndolle as seguintes funcións:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
 - b) A modificación do calendario deportivo.
 - c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
 - d) O seguimento da xestión deportiva e económica da FEGATO mediante a elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral sobre a memoria de actividade e a liquidación do orzamento.
3. Respecto das modificacións ás que se refiren os puntos anteriores b) e c), estas non poderán excede-los límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza, entendéndose en todo caso como competencias delegadas daquela, correspondendo de forma exclusiva ó presidente ou ás dúas terceiras partes dos membros da Comisión Delegada a proposta dos temas que se van tratar na Comisión.

SECCIÓN 2ª.- O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN

ARTIGO 16º.- O PRESIDENTE. FUNCIONES.

O presidente/a da FEGATO é o órgano executivo da Federación, exerce a súa representación legal, convoca e preside os órganos de representación e de goberno, a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e a Xunta Directiva, conta con voto de calidade para o caso de empate na adopción de acordos de ditos órganos e ten a responsabilidade de executar e levar a cabo os acordos destes.



ARTIGO 17º.- ELECCIÓN.

1. O presidente/a da FEGATO será elixido/a cada catro anos para mandatos de igual duración, coincidindo cos anos nos que teñen lugar os xogos olímpicos de inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos componentes da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderán desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estructura federativa. Non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da Federación na que se integre o devandito club.

2. Os candidatos ao cargo de presidente serán elexidos por un sistema de dobre volta. No caso de que nunha primeira volta ningún candidato acade a maioría absoluta dos votos emitidos, resultará elexido quen obteña a maioría de votos nunha segunda volta, entre os dous candidatos más votados.

3. O mandato dos membros da asemblea xeral e do presidente/a é de catro anos, que se renovará nos anos nos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno.

ARTIGO 18º.- A MOCIÓN DE CENSURA.

As causas de cesamento dos órganos de goberno e representación, entre as que se incluirá a moción de censura á presidencia, que será constructiva.

Á Asemblea Xeral correspónelle resolver, mediante votación dos seus membros, as mocións de censura que se poidan presentar contra o presidente. A lexitimación para presentala moción de censura corresponde a:

Un tercio dos membros da Asemblea Xeral.

A moción de censura será presentada mediante escrito no que se acredeite suficientemente a lexitimación dos que a promoveran, os motivos, causas e razóns na que se basee, a designación do candidato alternativo ó cargo de presidente proposto polos promotores da moción, e a aceptación expresa do candidato alternativo da súa condición de tal.

Dende que teña entrada na FEGATO o escrito no que se interpoña a moción de censura, o presidente da FEGATO deberá convocar con carácter extraordinario a Asemblea Xeral para que se reúna nos quince días seguintes, previa convocatoria dos seus membros, cunha antelación mínima de 72 horas e resolva a moción, que só poderá ser aprobada por votación favorable da metade máis un dos membros integrantes da Asemblea Xeral.

Non poderá presentarse nin se admitirá a trámite unha moción de censura a non ser que transcorresen polo menos seis meses dende a data de presentación dunha moción de censura anterior que non prosperase.

ARTIGO 19º.- DEDICACIÓN, INCOMPATIBILIDADE E INELEXIBILIDADE

1. O presidente desempeñará o seu cargo coa dedicación necesaria para o desempeño das súas funcións, sen que en ningún caso poida dar lugar á paralización



administrativa da FEGATO nin a omiti-las reunións dos órganos de goberno e representación esixidas polas disposicións legais e estatutarias.

2. O cargo de presidente é incompatible co desempeño de cargos directivos ou técnicos en asociacións ou clubes deportivos dedicados ó tiro olímpico en calquera das súas especialidades, e coa obtención de proveito material persoal, derivado de determinada actividade económica, comercial, industrial ou profesional, relacionada con este deporte.

3. Para poder ser candidato a presidente ou membro da súa Xunta Directiva terá que reunir as seguintes condicións:

- a) Ter la condición política de galego segundo o disposto no artigo 3 de Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- b) Ser maior de idade.
- c) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- d) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.

ARTIGO 20º.- REMUNERACIÓN.

O cargo de presidente da FEGATO poderá ser remunerado sempre que a Asemblea Xeral adopte tal acordo, así como o de fixa-la contía da remuneración por maioría absoluta.

A remuneración do presidente, cun importe bruto incluídos os gastos sociais legalmente establecidos que non poderá ser satisfeito con cargo ás subvencións públicas que reciba a federación, concluirá co fin do mandato sen que poida estenderse máis alá da duración deste e deberá constar de maneira diferenciada no orzamento.

SECCIÓN 3º.- A XUNTA DIRECTIVA.

ARTIGO 21º.- NATUREZA, COMPOSICIÓN E FUNCIÓN.

1.- A Xunta Directiva da FEGATO é o órgano colexiado de xestión desta, sendo os seus membros designados e revogados libremente polo presidente da FEGATO que presidirá as súas reunións e terá voto de calidade nas votacións en caso de empate.

2.- A Xunta Directiva da FEGATO estará constituida por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, e da cal formará parte tamén o secretario. No suposto de que se estableza algunha compensación económica para algún membro da Xunta Directiva, haberá de cumplir-los mesmos requisitos establecidos ca no caso do presidente.

3.- Para cumplir coa súa función xestora a Xunta Directiva ten as seguintes competencias:



- a) Asistir ó presidente na dirección deportiva, administrativa e económico contable da FEGATO.
- b) Convocar eleccións á Asemblea Xeral e á presidencia.
- c) Propoñer acordos á Asemblea Xeral e á Comisión Delegada.
- d) Conceder honores e recompensas.

ARTIGO 22º.- CONVOCATORIA, FUNCIONAMENTO E ADOPCIÓN DE ACORDOS.

1. A Xunta Directiva reunirse cando o considere necesario o presidente. A convocatoria será realizada polo presidente cunha antelación mínima de tres días, e cando houbese asuntos urxentes que tratar, a convocatoria será coa maior antelación posible para que tódolos seus membros poidan ter coñecemento da reunión. Os acordos serán adoptados por maioría simple.

SECCIÓN 4ª.- O SECRETARIO.

ARTIGO 23º.- NOMEAMENTO E FUNCIÓNS.

O presidente da FEGATO poderá nomear un secretario que exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente:

- a) Dirixir-la administración, o réxime de persoal e a correspondencia da FEGATO
- b) Levantar acta das sesións dos órganos colexiados da FEGATO (Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Xunta Directiva) asistindo ás súas reunións, podendo intervir nestas pero sen dereito a voto, agás na Xunta Directiva onde como membro desta poderá exerce-lo seu dereito a voto.
- c) Emiti-los informes que lle sexan solicitados por calquera dos órganos de goberno e representación da FEGATO, xa sexa verbalmente ou por escrito.
- d) Expedi-las certificacións oportunas dos actos dos órganos de goberno e representación e órganos complementarios.
- e) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral da Comisión Delegada no prazo de quince días dende a data na que esta teña lugar.
- f) Cantas funcións lle encomenden os estatutos e regulamentos da FEGATO e aquellas que lle sexan delegadas polo presidente.



SECCIÓN 5ª.- O TESOUREIRO.

ARTIGO 24º.- NOMEAMENTO E FUNCÍONS.

O presidente da FEGATO poderá nomear un tesoureiro que se encargará da administración da FEGATO e desempeñará as seguintes funcións:

- a) Leva-la contabilidade da FEGATO.
- b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da FEGATO.
- c) Elaborar e presentar balances á Comisión Delegada do estado contable da FEGATO.
- d) Cantas funcións lle encomenden os estatutos e regulamentos da FEGATO e aquelas que lle sexan delegadas polo presidente.

No suposto de que o cargo de tesoureiro se encontrase vacante, as funcións deste serán asumidas polo presidente, podendo delegalas na persoa que considere oportuno.

SECCIÓN 6ª.- OS COMITÉS DA FEDERACIÓN.

ARTIGO 25º.- O COMITÉ TÉCNICO DE XUÍCES-ÁRBITROS.

O Comité Técnico de Xuíces-Árbitros da FEGATO é un órgano técnico que ten por obxecto a formación, capacitación, actualización e dirección dos xuíces das competicións de tiro olímpico.

As funcións do Comité Técnico de Xuíces-Árbitros serán:

- a) Establece-los niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente ós xuíces-árbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes, en función dos criterios prefixados pola Asemblea Xeral. Estas clasificacións resultantes comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñe-los candidatos a xuíces-árbitros nacionais.
- d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitraxe para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Designa-los colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da FEGATO na formación dos xuíces-árbitros.

O presidente do Comité Técnico de Xuíces-Árbitros será nomeado e separado polo presidente da FEGATO. Á súa vez, o presidente do Comité Técnico de Árbitros propoñerá á Xunta Directiva da FEGATO un secretario de dito comité que será nomeado pola Xunta Directiva no seu caso.



A clasificación técnica dos xuíces-árbitros que realice o Comité Técnico levarase a cabo observando os seguintes criterios: probas físicas e psicotécnicas, coñecemento dos regulamentos, experiencia mínima e idade.

ARTIGO 26º.- O COMITÉ DE ADESTRADORES.

O Comité de Adestradores da FEGATO é un órgano técnico que ten por obxecto a formación, capacitación, actualización e dirección dos adestradores de tiro olímpico.

As funcións do Comité de Adestradores son as seguintes:

- a) A colaboración coa Administración pública competente na formación de técnicos deportivos.
- b) O estudio e a actualización das diferentes técnicas e sistemas de ensinanza e adestramento de profesores e adestradores.
- c) A organización de cursos e xornadas que redunden no perfeccionamento e actualización permanente dos técnicos deportivos.
- d) Manter contactos e relacións con outras entidades de carácter nacional e internacional para intercambio de coñecementos e información.
- e) Censar e reunir a tódolos técnicos titulados, velando polo prestixio profesional destes.
- f) A divulgación da teoría e da práctica do tiro olímpico nas súas diferentes especialidades e canto outros coñecementos contribúan ó desenvolvemento deste deporte.
- g) Todas aquelas que lle encargue a FEGATO de acordo coa súa natureza.

O presidente do Comité de Adestradores será nomeado e separado polo presidente da FEGATO. Á súa vez, o presidente do Comité de Adestradores propoñerá á Xunta Directiva da FEGATO un secretario que será nomeado pola Xunta Directiva no seu caso.

SECCIÓN 7ª.- DISPOSICIÓNNS COMÚNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN E ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DA FEDERACIÓN.

ARTIGO 27º.- CONVOCATORIA E PRESIDENCIA DOS ÓRGANOS.

O presidente da FEGATO convoca as reunións de tódolos órganos, agas as dos Comités que serán convocadas polos seus respectivos presidentes.

O presidente convocará a reunión dos órganos colexiados coa frecuencia e nos prazos e datas establecidos polas disposicións legais e estatutarias, e cando o teña por conveniente.



Ademais estará obrigado a realizar dita convocatoria cando así o requirán unha terceira parte dos membros integrantes de dito órgano e nos demais supostos legais.

Co fin de garanti-lo cumprimento efectivo das funcións encomendadas á FEGATO, a Secretaría Xeral para o Deporte convocará ós seus órganos colexiados por instancia da parte interesada cando estes non fosen estatutariamente convocados por quien ten a obriga de facelo no tempo regulamentario. En todo caso, as reunións dos órganos colexiados serán presididas polo seu presidente.

ARTIGO 28º.- QUORUM E ADOPCIÓN DE ACORDOS.

1. Agás nos supostos nos que a Orde do 28 de xullo de 1995 e os estatutos establezan outra cousa, entenderanse debidamente constituidos os órganos colexiados da FEGATO cando á reunión concorran a mitade máis un dos seus membros en primeira convocatoria, e na segunda convocatoria que terá lugar media hora mais tarde, calquera que sexa o número de asistentes.

Os acordos serán adoptados mediante votación, por maioría simple, e en caso de empate o presidente terá voto de calidade. Exceptúanse aqueles casos nos que a lexislación vixente e estes estatutos establezan outra cousa.

2. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá suspender ou anula-los acordos adoptados polos órganos de goberno da FEGATO cando sexan contrarios ás disposicións da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, así como as súas disposicións de desenvolvemento ou ós seus propios estatutos.

ARTIGO 29º.- RESPONSABILIDADE.

Con independencia das responsabilidades penais, civís e administrativas establecidas na lexislación vixente, tódolos membros dos diferentes órganos da FEGATO son responsables específicamente dos actos, resolucións ou acordos do órgano do que formen parte, coa única salvedade daqueles que sendo membros de órganos colexiados tivesen expresado o seu voto negativo ou motivado a súa abstención.

Asemade, tódolos integrantes de órganos da FEGATO están suxeitos á responsabilidade disciplinaria deportiva nos termos establecidos por estes estatutos, polos regulamentos correspondentes e pola lexislación vixente na materia cando incorran no incumprimento dos acordos de calquera órgano federativo, normas xerais ou na comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo.

ARTIGO 30º.- CESAMENTO DOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.

As persoas designadas para ocupar os órganos de goberno e representación da FEGATO cesarán nestes polas causas seguintes:

- a) Falecemento ou incapacitación establecida por sentencia firme.
- b) Dimisión.



- c) Expiración do mandato para o que foron nomeados os elixidos.
- d) Condena en sentencia firme á inhabilitación para o exercicio de funcións públicas.
- e) Nos demais casos previstos na lexislación vixente e nestes estatutos para cada órgano (moción de censura, cesamento, etc.)

CAPÍTULO IV: ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

ARTIGO 31º.- ORGANIZACIÓN INTERNA

A FEGATO constitúese coma unha realidade administrativa única coa capacidade de xestión sobre tódolos actos administrativos que realiza. Corresponde ó presidente o reparto das tarefas para conseguir os seus fins.

ARTIGO 32º.- VICEPRESIDENCIAS E DELEGADOS PROVINCIAIS.

A FEGATO contará cun vicepresidente para cada unha das sección que a forman, prato, precisión e percorridos de tiro. Cada un deles encargaráse do bo desenrollo da actividade deportiva da fúa sección.

Contará tamen con catro delegados, un por provincia. A súa función será a representación da FEGATO na provincia e o enlace entre o deportista e a organización federativa, en calquera das súas atribucións e competencias.

Os vicepresidentes e delegados serán nomeados e cesados polo presidente

CAPÍTULO V: RÉXIME ELECTORAL.

ARTIGO 33º.- DA CONVOCATORIA ELECTORAL.

1. As eleccións a presidente da FEGATO realizaranse mediante convocatoria acordada pola Asemblea Extraordinaria. Na orde do día deberá consta-la elección e o nomeamento dunha Xunta Electoral.

2. O presidente da FEGATO e os membros da Comisión Delegada serán elixidos na primeira reunión da nova Asemblea Xeral. No momento do inicio do prazo para a presentación de candidaturas á elección de presidente, deberá estar publicada a relación dos membros elixidos para a Asemblea Xeral.

3. O prazo de presentación de candidaturas para a elección de presidente non poderá ser inferior a cinco días naturais.

4. No suposto de que se presentara un só candidato non se efectuará votación e o secretario xeral para o deporte ou a persoa na cal el delegue proclamará presidente a este candidato, á vista da acta da Xunta Electoral.



5. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá convocar eleccións para constituí-los órganos de goberno da FEGATO ó finaliza-lo mandato de cada un deles, na forma que se determine estatuarialmente, se non fosen oportunamente convocados.

ARTIGO 34º.- DA XUNTA ELECTORAL.

1. A Asamblea Xeral en sesión extraordinaria nomeará unha Xunta Electoral en elección libre, directa, igual e secreta que estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, que se elixirán entre as persoas que non sexan candidatas.

2. As eleccións serán controladas pola Xunta Electoral e os interventores designados polos candidatos, que levantarán acta unha vez finalizada a votación e o reconto. Dita acta debidamente certificada remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de tres días.

3. Contra as resolucións ou acordos da Xunta Electoral poderase interponer recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ARTIGO 35º.- DO REGULAMENTO ELECTORAL.

1. Os regulamentos electorais regularán, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) Número de membros da Asamblea e distribución destes por estamentos, de acordo co establecido nestes estatutos.

b) Circunscripcións electorais, se fosen necesarias, e número de representantes de cada estamento por cada unha delas

c) Calendario electoral: prazos, presentación e proclamación de candidatos, así como o sistema de desempate.

d) Censo electoral.

e) Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.

f) Procedemento de resolución de conflictos e reclamacións que deberán resolverse sen dilación.

g) Recursos electorais.

h) Composición, competencia e funcionamento das mesas electorais.

i) Elección do presidente.

j) Elección da Comisión Delegada da asamblea.

2. Aprobado o regulamento electoral, a Xunta Directiva procederá no prazo sinalado neste á convocatoria de eleccións da Asamblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora da FEGATO.



3. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a Xunta Directiva constituída en Comisión Xestora administrará a FEGATO e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses.

CAPÍTULO VI: RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO E PATRIMONIAL.

ARTIGO 36º.- PATRIMONIO.

O patrimonio da FEGATO está constituído polos bens e dereitos, correspondéndolle a súa titularidade

ARTIGO 37º.- RECURSOS ECONÓMICOS. PROCEDENCIA, CARÁCTER E DESTINO.

Os recursos económicos da FEGATO son, entre outros, os seguintes:

- a) As subvencións que as entidades públicas poidan concederlle.
- b) As doazóns, heranzas, legados e outros ingresos a título gratuito que poida recibir.
- c) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- d) Os beneficios das actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servicios que de forma complementaria poida exercer.
- e) Os froitos do seu patrimonio.
- f) Os préstamos ou créditos que obteña.
- g) As cotas dos seus membros ou afiliados.
- h) As sancións pecuniarias que impoña ós seus membros ou afiliados.
- i) Outros que poidan serlle atribuídos por disposición legal ou en virtude de mconvenio.

Os recursos económicos da FEGATO serán destinados a consecución dos fins propios do seu obxecto, de acordo cos orzamentos que aprobe para cada exercicio e, sen prexuízo do principio de caixa única que rexerá a administración do orzamento, aplicará os seus ingresos propios de forma prioritaria ós seus gastos de estructura.

ARTIGO 38º.- O XERCICIO ECONÓMICO E O ORZAMENTO.

O exercicio económico a FEGATO comezará o primeiro de xaneiro e pecharase o trinta e un de decembro de cada ano.



O tesoureiro da Xunta Directiva da FEGATO elaborará anualmente o anteproxecto do orzamento da FEGATO que, trala súa aceptación pola Xunta Directiva, será sometido sucesivamente á Comisión Delegada e á Asemblea Xeral para a súa aprobación e posterior remisión á Secretaría Xeral para o Deporte.

A FEGATO non poderá aprobar orzamentos deficitarios, agás nos casos excepcionais autorizados pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A FEGATO aprobará en asemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

As contas e os orzamentos teñen que estar no domicilio da FEGATO como mínimo quince días antes de que teña lugar a asemblea, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir unha copia que se lles entregará antes da asemblea.

ARTIGO 39º.- REXIME DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA.

1. A FEGATO ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio, sendo de aplicación as seguintes regras:

a) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo e organizar actividades ou competicións deportivas dirixidas ó público en xeral. Os beneficios económicos, se os houbese, destinaranse ó desenvolvemento do seu obxecto social

b) Poderán gravar e allear bens, mobles ou inmobles, tomar diñeiro a préstamo, sempre e cando ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade nin a actividade que constitúe o seu obxecto. En todo caso, cando a súa contía sobrepase o 25% do orzamento anual da FEGATO, ademais do acordo da Asemblea Xeral será imprescindible o informe favorable da Secretaría Xeral para o Deporte.

Cando se trate de bens inmobles que fosen financiados, en todo ou en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, será preceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte para o seu gravame ou alleamento.

c) Poderán exercer complementariamente actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servicios coa condición de que os posibles beneficios se apliquen ó fomento da actividade deportiva. En ningún caso poderán repartir beneficios entre os seus membros.

d) Non poderán comprometer gastos de carácter plurianual no seu período de mandato sen autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento ou sobrepase o período de mandato do presidente.

2. A aprobación dos gastos da FEGATO corresponderá ó seu presidente. A execución dos pagamentos corresponde ó tesoureiro.



3. Os fondos da FEGATO estarán depositados necesariamente en contas correntes abertas a nome da FEGATO en bancos ou caixas de aforro, podendo coservarse en caixa as sumas que se consideren precisas para atende-los pequenos gastos.

As disposición de fondos con cargo a ditas contas correntes deberán autorizarse por dúas sinaturas, entre as de presidente, tesoureiro e secretario da FEGATO. Unha delas será necesariamente a do tesoureiro ou da persoa ou funcionario en quen delegue con autorización do presidente.

4. Sen prexuízo das facultades e responsabilidades do presidente da FEGATO, o tesoureiro responderá de acordo coas disposicións legais vixentes do emprego correcto dos fondos e xustificación regulamentaria.

Nos casos de cesamento ou toma de posesión do presidente ou tesoureiro formalizarase un arqueo extraordinario, levantándose acta do resultado deste, e enviarase unha copia á Secretaría Xeral para o Deporte acompañada do balance pechado á mesma data.

CAPÍTULO VII: RÉXIME DOCUMENTAL.

ARTIGO 40º.- LIBROS E DOCUMENTOS. A SÚA CUSTODIA.

1. A FEGATO elaborará necesariamente os libros e documentos que impoñan en cada momento as disposicións legais vixentes e ademais:

a) O libro de clubes e asociacións afiliadas, no que constarán as denominacións destes, o seu domicilio social, os nomes e apelidos dos presidentes e demás membros das súas xuntas directivas, e as datas da toma de posesión e cesamento dos seus cargos.

b) Os libros de actas, nos que se transcribirán as actas das reunións que realizan tódolos órganos pluripersoaís da FEGATO, tanto os de goberno e representación coma os complementarios e os comités.

c) Os libros de contabilidade e demás documentos e arquivos de tal natureza de obrigado cumprimento.

d) Libro inventario de bens móbiles e inmóbiles.

2. Os libros e documentos da FEGATO, debidamente diligenciados, conservaranse no domicilio social, correspondendo a súa custodia ó secretario.

ARTIGO 41º.- INFORMACIÓN E EXAME DOS LIBROS E DOCUMENTOS.

1. A Secretaría Xeral para o Deporte, nas formas e supostos que determine regulamentariamente, poderá inspecciona-los libros e documentos da FEGATO, co obxecto de garanti-lo cumprimento das funcións que ten encomendadas pola 2/2013, do 2 de abril, do deporte de Galicia.



2. Recoñécese o dereito a coñece-lo contido dos libros e documentos oficiais e regulamentarios da FEGATO a tódolos seus membros que acrediten un interese lexítimo e directo sobre os extremos contidos nos documentos e libros que pretendan coñecer.

En todo caso se presume a existencia de interese lexítimo e directo ós membros da Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Comités da FEGATO.

Para o exercicio dodereito de información e exame dos libros e documentos dos membros da FEGATO, e esta ateránse ó seguinte procedemento:

a) O interesado solicitará por escrito a información que pretende obter indicando expresamente o obxecto da súa consulta, designando os libros e/ou documentos que pretenda examinar e, no seu caso, a causa ou o interese lexítimo e directo.

b) A FEGATO resolverá o que proceda no prazo máximo de dez días hábiles, notificando ó solicitante a súa decisión e, no seu caso, a forma ou sistema da consulta que poderá consistir na exhibición material no domicilio social da FEGATO ou na expedición polo secretario de certificación ou testemuño dos extremos dos libros e/ou documentos que sexan obxecto da consulta, dependendo da natureza e extensión desta.

3. O secretario da FEGATO expedirá as certificacións oportunas dos actos e acordos dos órganos de goberno e representación.

4. As actas das reunións da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, serán publicadas na páxina web da FEGATO.

CAPÍTULO VIII: RÉXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 42º.- POTESTADE DISCIPLINARIA. PRINCIPIOS XERAIS.

O exercicio da potestade disciplinaria da FEGATO corresponde ós órganos competentes en materia disciplinaria sinalados no artigo 43 destes estatutos, os cales se axustarán na súa actuación, debendo incluír nos regulamentos, en todo caso os seguintes principios:

a) A tipificación das infraccións, de conformidade coas peculiaridades da modalidade deportiva en cuestión, e tamén as sancións correspondentes a cada unha delas.

b) A determinación das circunstancias atenuantes e agravantes da responsabilidade e os requisitos polos que esta se extingue ou prescribe.

c) A cualificación das infraccións, sinalando as moi graves, graves e leves e establecendo os criterios de diferenciación e, en todo caso, os de proporcionalidade da sanción aplicable.

d) A prohibición da dobre sanción polos mesmos feitos.

e) A aplicación dos efectos retroactivos favorables.



f) A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión.

g) A obriga de conceder audiencia ó interesado.

h) Os distintos procedementos de tramitación e imposición e, no seu caso, de sancións.

i) O sistema de recursos contra as sancións impostas, no que terá que mencionarse expresamente o recurso ó Comité Galego de Xustiza Deportiva contra as resolucións dos órganos disciplinarios federativos.

ARTIGO 43º.- OS COMITÉS DE COMPETICIÓN E APELACIÓN.

1. A FEGATO ten potestade disciplinaria sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, os clubes deportivos e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e árbitros, e en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, en condición de federados, desenvolvan o tiro olímpico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A potestade disciplinaria será exercida no marco do establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, o Real Decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva e polas disposicións federativas aprobadas conforme a elas.

3. A FEGATO contará en primeira instancia cun Comité de Competición designado para cada competición pola propia federación que poderá estar formado por tres ou cinco membros. En segunda instancia, igualmente designado pola federación, existirá un Comité de Apelación formado por tres persoas, cunhas resolucións que esgotarán a vía federativa.

4. Contra as resolucións definitivas da federación en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ARTIGO 44º.- INFRACCIÓNNS.

1. Os estatutos da FEGATO clasificarán as infraccións en moi graves, graves e leves, aplicando as sancións correspondentes en función destas, de acordo coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e nas correspondentes normas de desenvolvemento.

2. En todo caso, consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba ou competición.

b) Os comportamentos, actitudes e xestos agresivos e antideportivos dos tiradores, cando se dirixan ó árbitro, a outros tiradores ou ó público.

c) Os quebrantamentos de sancións impostas.

d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoas interpostas, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada



deporte cando poidan altera-la seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.

e) A utilización, incitación ou favorecemento do uso de substancias ou fármacos prohibidos e a negativa a someterse ós controis destes establecidos regulamentariamente.

f) A inscrición indebida e a incomparecencia ou retirada inxustificada das probas, encontros ou competicións.

g) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.

h) A participación en probas ou competicións non autorizadas pola Administración deportiva de Galicia.

i) A non execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

j) O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral e dos regulamentos federativos.

k) A non convocatoria dos órganos de goberno da federación, nos prazos e condicións legalmente establecidos.

l) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas de carácter público.

m) A organización de actividades distintas ás competicións oficiais sen a preceptiva autorización da Administración deportiva de Galicia.

n) A denegación inxustificada da licencia.

ñ) O incumprimento dos convenios realizados coa Administración deportiva de Galicia.

o) A reiteración de faltas graves. A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou mais infraccións graves no periodo dun ano.

Das infraccións a que se refiren os apartados h), i), k), l), m), n), e ñ) poderá ser responsable o Presidente da federación, sen preuxízo das responsabilidades en que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requerida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

b) O incumprimento de ordes e instruccións emanadas dos órganos deportivos competentes.



c) O incumprimento das regras de administracion e xestión do orzamento e patrimonio.

d) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e decoro propios da actividade deportiva.

e) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou mais infraccións leves no periodo dun ano.

Das infraccións a que se refiren os apartados a), b e c) poderá ser responsable o presidente da federación, sen prexuizo das responsabilidades en que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

a) As conductas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.

b) A incorrección co público, compañeiros e subordinados.

c) A adopción dunha actitude pasiva no incumprimento das ordes e instruccións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

ARTIGO 45º.- SANCIÓNNS.

1. Pola comisión de faltas moi graves impoñeranse as seguintes sancións:

a) Multa en contía non superior a 1.500,00 euros.

b) Perda de puntos ou postos de clasificación.

c) Perda de ascenso de categoría ou división.

d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.

e) Suspensión ou privación da licencia federativa ou, de se-lo caso, da inscripción no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva por un prazo máximo de cinco anos.

f) Privación da licencia federativa ou da habilitación para ocupar cargos na organización deportiva a perpetuidade. Esta sanción só poderá acordarse, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.

h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

2. Pola comisión de faltas graves impoñeranse as seguintes sancións:



- a) Amoestación pública.
- b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
- c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro competicións ou tres meses.
- d) Suspensión ou privación da licencia federativa ou habilitación equivalente e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

3. Pola comisión de faltas leves impoñeranse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dunha a tres competicións ou probas.

4. As Federacións deportivas poderán establecer un sistema de infraccións e sancións que, como mínimo, deberá recoller o disposto nesta Lei.

4.1. Unha mesma infracción pode ser sancionada mediante a imposición de multas de forma simultánea a calquera outro tipo de sanción, sempre que estean previstas para a categoría de infracción de que se trate e que as sancións no seu conxunto resulten proporcionadas coa gravidade da infracción.

O impagamento de sancións pecuniarias será considerado como quebrantamento de pena.

5. As multas só se lles poderán impoñer as entidades deportivas e aos que, conforme a esta Lei, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

5.1 Para a imposición das sancións e a cuantificación destas teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Serán consideradas como circunstancias atenuantes a de arrepentimento espontáneo e a provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
- b) Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo e o prexuízo económico ocasionado.

6. Os órganos sancionadores poderán, no ejercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, tendo en conta a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

ARTIGO 46º.- EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE DISCIPLINARIA DEPORTIVA.

A responsabilidade disciplinaria extinguirase polas seguintes causas:



- a) Por cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución do club ou da federación deportiva sancionados.
- d) Por prescripción das infraccións ou sancións.
- e) A perda da condición de deportista federado ou de membro da asociación deportiva da que se trate, cando dita perda sexa voluntaria, quedando nese caso o procedemento sancionador ou a sanción en suspenso durante o prazo de tres anos durante o cal se recupera a condición baixo a que quedou vinculado á disciplina deportiva, sen que o tempo de suspensión poida tomarse en consideración ós efectos de prescripción de infracción e sancións.

ARTIGO 47º.- INICIO E PRESCRICIÓN DE INFRACCIONES E SANCIONES.

- 1. As infraccións leves prescribirán ó mes, as graves ó ano e as moi graves ós tres anos.
- 2. O térmimo de prescripción comeza a contar o día en que se cometeron os feitos e interrómpese no momento no que se acorda inicia-lo procedemento sancionador, pero volve a correr se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ó infractor.
- 3. As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das que corresponden a infraccións moi graves, graves ou leves, e o prazo de prescripción comeza a contar dende o día seguinte a aquel no que a resolución pola cal se impuxo é firme ou dende que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou.

ARTIGO 48º.- PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO.

Procedemento disciplinario:

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas no capítulo III do título VII desta lei axustarase aos procedementos que se conteñen neste capítulo.

1. Clases de procedementos:

Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.

1.2 O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. A súa concreción deberá realizarse nos estatutos das federacións deportivas atendendo ao previsto no artigo 106 (procedemento abreviado), e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.



1.3 O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conducta deportiva.

2. Regras comúns aos procedementos.

2.1 No non previsto nesta lei, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o ejercicio da potestade sancionadora.

2.2 Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

2.3 As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

2.4 As actas subscritas polos xuíces ou árbitros do encontro, da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

As manifestacións do árbitro ou xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

3. Procedemento abreviado.

3.1 Iniciación:

a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo Xuíz ou árbitro e polos competidores ou polos delegados dos clubes.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectados na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta da competición ou documento no que queden reflectados os feitos obxecto de axuizamento. Ademáis, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

3.2 Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na línea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos

deportivo

deportivo a partir de



consignados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes.

A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b) O órgano instructor trasladarálle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacions ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infringidos e os que habilitan a sanción que se impóna. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

3.3 En función das propias características de cada federación deportiva, os seus estatutos poderán reducir os prazos previstos nas líneas anteriores e a simplificación dos trámites previstos nelas.

4. Procedemento ordinario.

As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

4.1 Iniciación:

- a) O procedemento iniciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.
- b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instructor, se é o caso, do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancions aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instructor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do Título II, Artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracions públicas e do procedemento administrativo común.

4.2 Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instructor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.



- b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoas interesadas cuntas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquellas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instructor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable-e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede imponer- ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobreseamento con arquivo das actuacións.

A proposta de Resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

4.3 Resolución:

- a) Recibidas polo instructor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.
- b) A Resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

5. Lexitimación para recorrer contra as sancións.

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

6. Organos disciplinarios.

A FEGATO ten establecido seguintes organos para control e seguimento da actividade deportiva: Comité de Competición e Comité de Apelación.

O interesado, contra as resolucións e acordos dictados polo Comité de Competición, poderá recorrer perante o Comité de Apelación no prazo de dez días dende que lle fose notificada a resolución.



CAPÍTULO IX: EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN.

ARTIGO 49º.- CAUSAS DE DISOLUCIÓN E EXTINCIÓN.

A FEGATO extinguirse polas seguintes causas:

- a) As que establezan con carácter imperativo as disposicións legais vixentes en cada momento.
- b) A revogación do seu recoñecemento como federación pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- c) A resolución xudicial.
- d) Por integración ou fusión noutra federación deportiva galega.
- e) O acordo de disolución adoptado polas dúas terceiras partes da Asemblea Xeral.
- f) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.

ARTIGO 50º.- LIQUIDACIÓN PATRIMONIAL.

En caso de disolución da FEGATO, o seu patrimonio neto será o destinado á realización de actividades análogas ás que realizase a Federación. De non ser posible, a Administración autonómica daralle o destino que lle corresponda.

CAPÍTULO X.- APROBACIÓN E REFORMA DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS.

ARTIGO 51º.- PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN E REFORMA DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS.

1. Os estatutos da FEGATO serán aprobados e, no seu caso, modificados pola Asemblea Xeral en reunión plenaria e a iniciativa do 25% dos membros da propia Asemblea Xeral, de acordo maioritario da Comisión Delegada, da Xunta Directiva ou do presidente.

2. Os regulamentos da FEGATO serán aprobados pola Asemblea Xeral, podendo ser modificados pola Comisión Delegada. A proposta de modificación destes corresponderá ó presidente ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.

3. Unha vez aprobados os estatutos, os regulamentos e as súas modificacións, serán remitidos á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.



DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR.

Os presentes estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación en Asemblea Xeral, sen prexuízo das posteriores modificacións que poida establecer para a súa ratificación e inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, ademais da súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia que deberá realizarse nun prazo máximo de dous meses, quedando derrogados os anteriores.

A SECRETARIA

Leticia del Valle Alvarez



Asdo.: Leticia del Valle Alvarez

Vº e PRACE
O PRESIDENTE,

Asdo.: Jose María Fajardo de Andrade Schächter

